



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 1 peón para o servizo de Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais. Programa subvencións ás entidades locais para a contratación temporal de persoas perceptoras da Risga, convocatoria 2022

Expte. Admvo. Núm.: 2022/E001/000005

Expte. Decreto Núm.: 2022/G003/000393

Vista a Orde do 07/01/2022 da Consellería de Economía e Emprego que establece as bases que regulan as subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 21, do 1 de febreiro do 2022).

Vista a concesión da subvención por parte da Consellería de Economía e Emprego para a contratación laboral de 2 persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia para a realización do servizo denominado Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais, por un período de 9 meses, ao 75% da xornada.

Vista a solicitude efectuada con data do 10/06/2022 para a autorización de realización de oferta con vinculación nominal, de acordo co establecido no art. 13 da Orde do 07/01/2022, atendendo a que de acordo co informe da traballadora social deste concello só hai neste momento unha persoa que figuran como perceptoras da Risga e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Vista a autorización remitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Emprego, de data 14/06/2022, pola que autorizan expresamente a realización da oferta especial a favor da beneficiaria D^a M^a Isabel Serrapio Amil.

Vista a oferta de emprego tramitada con data do 15/06/2022 no Servizo Público de Emprego, oficina de emprego de Carballo, para este posto de traballo e remitido, por parte desta oficina de emprego, o informe de situación de candidato coa persoa demandante vinculada a esta oferta (oferta núm. 12-2022-7167).

Vista a documentación presentada por D^a M^a Isabel Serrapio Amil con data do 28/06/2022.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear a D^a M^a Isabel Serrapio Amil, con DNI núm. ***4201** como persoal laboral temporal para que realice as tarefas de peón no servizo de Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais no Concello de Laxe, a xornada do 75% e baixo a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral. O contrato terá unha duración de 9 meses, dende o 29/06/2022 ata o 28/03/2023, ámbolos dous incluídos.

Segundo: Dar traslado deste acordo ao Departamento de Contabilidade e notificalo á interesada para o seu coñecemento e efectos e poñelo en coñecemento da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade mediante a remisión da documentación esixida pola devandita orde.

Terceiro: Publicar esta resolución na páxina web do concello (concellodelaxe.com) e no Taboleiro de Anuncios do concello.

Mándoo e asínoo en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o Alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O alcalde
Asdo.: José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García